

**PACTO**  
*x*  
**@mes**.es

**PROGRAMA ELECTORAL**  
**ELECCIONS MUNICIPALS**  
**MAIO 2015**

# FALAMOS COA TÚA VOZ

Esta proposta é un documento vivo, aberto, co que pretendemos facer chegar as nosas ideas a tódalas persoas que forman parte de Ames e atender ás peculiaridades da nosa terra dunha forma efectiva e real.

Trátase dun programa marco que nace da experiencia, tanto da nosa etapa no goberno como na oposición, e dun traballo intenso e un coñecemento exhaustivo do noso Concello.

As achegas aquí expostas son a base dun futuro goberno de PACTO x AMES e constitúen un firme compromiso coas persoas que vivimos neste Concello único. Un compromiso real e cun obxectivo a 4 anos.

O compromiso programático de PACTO x AMES baséase na transversalidade das actuacións, e dicir, na relación dunhas propostas con outras implicando ás distintas concellarías, sen dividilas en compartimentos estancos. Cremos que hai que abordar os problemas e as áreas de mellora dende unha visión global, actuando dende tódolos departamentos nos que sexa posible.

Esta é unha das principais características da nosa proposta programática.

As propostas que presentamos neste documento constitúen a base das liñas de actuación de PACTO x AMES. Serán o eixo da acción de goberno e cumprilas será a nosa prioridade, traballando sempre dende un compromiso de transparencia que permita coñecer ós cidadáns tódalas actuacións impulsadas dende o consistorio.

## ÍNDICE:

1. ÁREA SOCIO SANITARIA.....	4
2. ÁREA DE EDUCACIÓN, CULTURA, DEPORTES, LECER E XUVENTUDE.....	7
3. ÁREA DE EMPREGABILIDADE, FORMACIÓN, COMERCIO, E TURISMO .....	14
4. ÁREA ECONÓMICA, URBANÍSTICA E DE SERVIZOS XERAIS .....	19
5. AREA MEDIOAMBIENTAL E DE OBRAS .....	26
6. AREA DE SEGURIDADE E MOBILIDADE.....	29

## 1.ÁREA SOCIO SANITARIA

**IGUALDADE:** Propoñemos traballar nesta área potenciando non só na igualdade efectiva por razón de xénero, senón tamén por raza, relixión, orientación sexual.... Potenciando as xornadas de formación en Igualdade nos centros educativos e os obradoiros para adultos.

Revisaremos e actualizaremos o “Itinerario de actuación en materia de violencia de xénero” e o Plan de Igualdade vixentes, impulsando os convenios de colaboración coa comunidade educativa, entidades e administracións públicas.

**CENTROS DE SAÚDE:** Buscaremos solución ós problemas co Centro de saúde do Milladoiro, coa construción dun novo centro que ofrezca unha atención continua. Tamén xestionaremos as medidas necesarias para mellorar o Centro de Saúde de Bertamiráns, tanto as súas dotacións coma os problemas de espazo.

**DROGODEPENDENZA.** Implantaremos un programa específico, a nivel municipal ou comarcal, mediante a colaboración con outros concellos e entidades como *Cruz Vermella, Proxecto Home...*

**DESAFIUZAMENTOS.** Cremos que é necesaria unha participación activa na comisión antidesafiuzamentos, en contacto permanente cos colectivos involucrados.

Propoñemos a colaboración de Urbanismo e Servizos Sociais para a creación de bolsas de vivendas mediante convenios con propietarios de inmobles baleiros. Adicaremos o 1% do orzamento municipal para vivenda en réxime de propiedade ou aluguer.

Tamén poremos en marcha un programa de reparación e arranxos nas vivendas de persoas con necesidades específicas: instalación de ramplas de acceso, reformas no baño por cuestións de mobilidade... sempre que veña determinado por un informe.

**ENVELLECIMIENTO ACTIVO:** Crearemos un programa de actividades de dinamización e exercicio para os maiores. Potenciaremos os programas para a terceira idade e crearemos espazos de espaxemento tales como parques biosaudables.

**CENTRO DE MAIORES/DÍA/RESIDENCIA:** Ames non dispón de ningún centro público para a atención dos maiores e persoas con mobilidade reducida, que teñen que pagar centros privados ou ir fóra do concello para que os atendan. Demandaremos á Xunta de Galicia estes servizos e promoveremos un marco de colaboración coas entidades privadas do sector para resolver a precariedade na que se encontra Ames.

**CONVENIOS DE COLABORACIÓN** con entidades público/privadas para prestar asistencia domiciliaria de servizos non incluídos na Seguridade Social, como podoloxía ou fisioterapia, para persoas que os servizos sociais consideren que a precisan.

**BANCO DE MOBLES:** Propoñemos o préstamo de mobiliario específico, tal como cadeiras de rodas, camas articuladas, etc. Para persoas con necesidades especiais: mobilidade reducida, deficiencias físicas transitorias, e persoas e familias con dificultades económicas.

**BANCO DE ALIMENTOS:** Cremos que é preciso, ademais de xestionar tódolos alimentos non perecedoiros, levar a cabo un programa de reparto de alimentos frescos. Estudaremos a instauración do programa Xantar na Casa, para aqueles que teñan dificultades para mercar a comida.

**TRANSPORTE ADAPTADO:** Traballaremos para adxudicar finalmente este servizo que leva máis de 4 anos parado e que provoca un custo adicional ás arcas municipais.

**ROUPEIRO MUNICIPAL:** Ampliaremos o servizo – existente só en Bertamiráns, e a tódalas luces insuficiente- coa apertura dun local no Milladoiro, a cargo de voluntarios, para atender as necesidades desta zona e paliar a limitación do actual local.

**PROGRAMA DE ATENCIÓN E ORIENTACIÓN CONTÍNUA** en saúde mental e deficiencias psíquicas mediante o asesoramento a familias con enfermos de Alzheimer, demencia senil...

**AULA E XORNADAS SOCIO/SAUDABLES:** Con periodicidade anual, durante unha semana e polas distintas parroquias, realizaremos charlas de expertos sobre temas de saúde, ou de interese social, como heranzas, vivenda etc. Tamén organizaremos xornadas específicas dirixidas a nenos e xóvenes, para inculcarlles unha correcta educación sanitaria, alimentaria, hixiénica, sexual...

**INTERMEDIACIÓN CULTURAL:** A multiculturalidade do Concello de Ames aumenta cada ano, polo que, para facilitar a integración propoñemos:

- Información / orientación legal para inmigrantes e emigrantes, tras coñecer as súas situacións.
- Obradoiros sobre temas como o desarraigo, a soidade, síndrome de Ulises, integración cultural etc.
- Xornadas para ensinar novas tecnoloxías ós maiores e a calquera veciño interesado no tema.
- Formación laboral e cultural para buscar a equidade educativa. Mediante cursos e obradoiros encamiñados á poboación procedente de países en situación de vulnerabilidade e afrontan, en xeral, un maior risco de fracaso escolar. E para calquera colectivo que, sen ser de fóra, tamén a precise.

## **2.ÁREA DE EDUCACIÓN, CULTURA, DEPORTES, LEGER E XUVENTUDE.**

### **EDUCACIÓN**

Moitas das competencias en materia de educación non están en mans do propio Concello, pero nós pensamos que aínda así hai moito que podemos facer para mellorar o ámbito educativo en Ames.

**CONSTITUCIÓN DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL** como órgano colexiado de participación e consulta en materia educativa no ámbito municipal, formado por representantes da administración educativa, as ANPAS, os profesores, o alumnado, e o Concello. A súa función será representar a comunidade educativa do noso Concello:

**- Función consultiva:**

- Convenios e acordos de colaboración coas diversas administracións públicas para a planificación e fomento de actividades nos centros educativos.
- Establecemento das prioridades nos programas e actuacións municipais que afecten á conservación, vixilancia, seguridade e mantemento axeitado dos centros.

**- Función asesora:**

- Distribución do alumnado a efectos de escolarización segundo a normativa vixente.
- Elevación de informes e propostas á Administración educativa ou ó Concello para acadar un mellor funcionamento do sistema educativo.
- Demanda de información da Administración educativa e das autoridades locais.

**SUBVENCIONES DIRECTAS** mediante reserva no orzamento dirixidas a ANPAS, Centros educativos e calquera organización desta natureza que se acorde e no Consello Escolar Municipal.

**SAÍDAS EDUCATIVAS E EXCURSIONS CULTURAIS**, apostando polo **CONTACTO COA NATUREZA**, recuperando a Aula da Natureza de Ameixenda, e planificando unha programación para o alumnado coa que concienciar sobre a importancia do medioambiente.

**PROGRAMAS DE FOMENTO DE VOLUNTARIADO**, Banco de tempo e autoaprendizaxe.

**TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN:** Creación dun espazo común dixital a través do portal do Concello de Ames como medio de información e participación da comunidade educativa. Potenciación do portal conciliames.org como medio axeitado para facer as xestións de inscrición e administrativas, e posta en marcha da posibilidade de pago online.

**IGUALDADE DE OPORTUNIDADES:** Impulsaremos o funcionamento do banco de libros e apostaremos polas becas de estudo municipais para o alumnado con necesidades económicas ou específicas demostradas, e calquera outro caso aprobado no Consello Escolar Municipal.

**ESCOLA OFICIAL DE MÚSICA:** Promoveremos este recoñecemento e homologación da Xunta de Galicia, para atender a demanda da formación musical da poboación e fomentar o interese pola música entre os cidadáns, independentemente das súas capacidades artísticas.

A actividade musical ademais de ter un compoñente lúdico e de ocio encerra un importante valor formativo. Trátase dun proxecto educativo integrador, que abrangue diversas especialidades, e que promove música clásica, popular, moderna...



Impartiranse tamén cursos de baile, pandeireta e gaita co fin de transmitirilles, tanto ós máis cativos coma ós adultos, as artes da danza e da música popular galega, organizados por grupos de idade.

**ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS, Ou sección da de Santiago.** Tal e como ocorre en Negreira ou en Noia, Ames debe ter unha sección da Escola Oficial de Idiomas, e faremos as xestións necesarias para a súa implantación. A parte da Escola tamén terán lugar cursos puntuais de preparación para obtención de certificados oficiais e específicos de idiomas, coma o Pet, o First, etc.

**XADREZ:** Implantación deste deporte como parte dos Servizos Complementarios en tódolos centros escolares do Concello. Un deporte potenciado polo Parlamento Europeo, o Goberno, e a Xunta de Galicia, pero relegado ó olvido en Ames. Nese senso poderíase considerar a formación dun Clube de Xadrez municipal que ofrezca cursos a adultos e maiores, xa que está demostrada a súa utilidade para frear o deterioro cognitivo dos anciáns.

**SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA:** O Concello quere e debe demostrar o seu compromiso co idioma propio e oficial. Hai que prestar especial atención ó proceso de normalización lingüística a través da galeguización dos servizos, poñendo en marcha programas que busquen a implicación dos distintos colectivos.

**BRIGADA PERMANENTE PARA MANTEMENTO DOS CENTROS:** Propoñemos a creación desta brigada, que realizará informes sobre as actuacións necesarias nos centros educativos, e acometerá ditas reformas sempre que sexan competencia do Concello.

## **CULTURA**

**FOMENTO DA NOSA CULTURA** e costumes a través de encontros e exposicións, apostando pola protección e divulgación das tradicións culturais.

**CATALOGACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO CULTURAL:** Faremos os estudos pertinentes do patrimonio existente: vivendas, pombais, fontes, lavadoiros, hórreos, cabazos; xogos, costumes laborais, festas, etc. Cómpre elaborar programas de rehabilitación (protección) e de divulgación do noso patrimonio, pois é a única maneira de conservalo e valoralo, e pór en marcha un inventario de bens, en colaboración co departamento de urbanismo.

**COLABORACIÓN COAS ASOCIACIÓNS CULTURAI:** Potenciación das comisións de festas, aportacións a grupos folclóricos... e recuperación de antigas romarías.

**HABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DOS LOCAIS CULTURAI:** Nos núcleos de Bertamiráns e Milladoiro, que presentan un gran número de habitantes, sitúanse as dúas casas da cultura con maior capacidade de todo o municipio. Pero outras zonas de Ames non teñen cuberta esa necesidade cultural, deixando patente a importancia de levar a cabo unha descentralización. Intentaremos habilitar máis locais culturais e conservar e adaptar os xa existentes ás novas necesidades dos cidadáns., porque queremos favorecer a integración dos habitantes na actividade de creación e difusión cultural.

## **DEPORTES**

**MELLORA DOS PAVIMENTOS DOS PAVILLÓNS:** Consideramos importante este punto para evitar calquera tipo de lesión, para o que sería axeitada a instalación dun pavimento fixo de madeira acabado en faia con capa inferior elástica.

**PISTAS DEPORTIVAS DO RURAL:** Arranxos e melloras nas mesmas, tanto no mobiliario deportivo (canastras, porterías, redes...) como de mantemento do entorno, polo gran abandono que sufriron durante os últimos 8 anos. Estas melloras non supoñen inversións cuantiosas, xa que os empregados municipais de Obras serían os encargados do mantemento xunto coas subvencións que a Deputación, Xunta e Federacións destinan para reparacións.

**SOLUCIÓN ÁS ESCOLAS DEPORTIVAS:** Éstas sufriron nos últimos anos unha perda importante de calidade. Daremos os pasos pertinentes para volver a ter unhas Escolas Deportivas á altura dun Concello coma o noso, volvendo a licitar o servizo cuns pregos axeitados ós nosos parámetros de calidade.

**CERRAMENTO DA PISTA DEPORTIVA DO IES DO MILLADOIRO:** É imprescindible o peche lateral da pista deportiva do I.E.S do Milladoiro para facilitar aos Clubes os seus adestramentos ante as malas condicións climatolóxicas. Estas obras terían que correr a cargo da Xunta de Galicia e do Concello, non como está a pasar na actualidade : parte da inversión provén das propias familias do alumnado.

**DEPORTES MINORITARIOS:** Axuda á potenciación dos mesmos destinando Bolsas de axuda, a través de convenios, e aportando infraestruturas e medios.

**PARQUES BIOSAUDABLES:** Volvendo á transversalidade e previo informe técnico, implantaremos, tanto en Bertamiráns coma no Milladoiro, Parques Biosaludables nos lugares axeitados. Estes aparellos serven para exercitar as diferentes articulacións do corpo, favorecer a flexibilidade, potenciar a coordinación, mellorar as funcións cardiovasculares e respiratorias... sobre todo dos nosos maiores.

**POTENCIACIÓN DE DÍAS ESPECIAIS DA PRÁCTICA DEPORTIVA,** como pode ser o Día da bicicleta, para o fomento da práctica do deporte como da convivencia. Tamén potenciaremos e apoiaremos os días celebrados polas distintas entidades e sociedades deportivas do Concello, como por exemplo o Día do Descenso do Tambre, coma unha gran festa de axuda ao clube.

**CURSOS DE FORMACIÓN:** Por exemplo, para Adestradores homologados, mediante as axudas e convenios coas distintas federacións.

**AUMENTO DAS CUANTÍAS DAS SUBVENCÍONS DEPORTIVAS nun 20%.**

**BOLSAS PARA DEPORTISTAS DE RECOÑECIDO PRESTIXIO**

**REEMPLAZAR OS CONVENIOS DEPORTIVOS POR SUBVENCÍONS NOMINATIVAS ÓS CLUBES** para axilizar os pagos e facilitar a súa actividade.

## **XUVENTUDE**

Nun Concello coma o noso, predominantemente xoven, tódolos recursos e actividades dirixidas a ós nosos rapaces e rapazas aparecen reflexados neste programa de forma transversal nas áreas sociais, deportivas e de lecer e de emprego e traballo.

**OMIX:** Potenciaremos a colaboración da OMIX (Oficina de información Xuvenil) co resto de Departamentos, mantendo e recuperando os puntos permanentes de información nos institutos. Achegaremos a OMIX á rúa para que os nosos xóvenes poidan estar debidamente informados de todo o abanico de propostas e recursos dos que dispoñen.

**BOLETÍN INFORMATIVO XUVENIL:** Recuperación do Boletín informativo xuvenil “Ames InfoXove” elaborado con gran éxito e a custe cero na chegada ó goberno, e que esqueceuse trala marcha dos concelleiros de Pacto x Ames. Aumentaríase a difusión deste boletín través do envío online ou mediante unha APP específica.

**NOVOS PROGRAMAS:** Estreitar as relacións coa Xunta e especificamente coa Dirección Xeral e Xuventude e Voluntariado, para que se teña en conta Ames na realización dos seus proxectos xuvenís. Implantaremos tamén novos proxectos propios como intercambios, programas de formación e voluntariado, etc.

### **3.ÁREA DE EMPREGABILIDADE, FORMACIÓN, COMERCIO, E TURISMO**

Este apartado é unha boa mostra da transversalidade coa que pensamos que hai que facer os proxectos. Non se poden concibir as políticas de emprego sen pensar na formación e o comercio, ou na promoción económica e o turismo. As propostas que aquí reflectimos son unha clara intención de darlle un pulo sen precedentes a estas áreas.

#### **EMPREGABILIDADE E FORMACIÓN**

**FEIRA DE EMPREGO E FORMACIÓN:** Cremos que é necesaria a organización deste evento para dotar das ferramentas precisas ás persoas demandantes de emprego para atopar un posto de traballo, facilitándolles un contacto cos potenciais empregadores. Unha xornada na que se impartan obradoiros e cursos monográficos, que sirva de escaparate das empresas de formación e asesoramento de Ames. Todo isto apoiado tamén a través dunha plataforma tecnolóxica.

**CURSOS E XORNADAS UNIVERSITARIAS:** Traballaremos para que Ames acolla diferentes cursos e seminarios das universidades galegas, e organizaremos xornadas dirixidas ós estudantes universitarios amienses en materia de traballo de fin de grao, saídas laborais, profesionalización ...

**CICLOS DE PROGRAMAS FORMATIVOS:** de capacitación, non formais, certificados de profesionalidade, carnés con homologacións a través das diversas entidades públicas, fundacións ou privadas sen fin de lucro.

**CAFÉ DOS IDIOMAS:** Sesións periódicas informais pero dirixidas, en locais de ocio e hostalería do Concello, para o intercambio de idiomas e o fomento do consumo nos locais de Ames.

**COWORKING:** Posta en marcha dun centro Coworking (antigos viveiros de empresas), para

facilitar un lugar de traballo cunha renda económica baixa e impulsar así o autoemprego (avogados, deseñadores, arquitectos, psicólogos, programadores... *freelances* en xeral).

**PROGRAMA AUTÓNOMOS:** Elaboración dun Plan de axuda e recursos dispoñibles para estes traballadores, así como dun estudo de bonificacións e beneficios económico/fiscais pola creación de postos no Concello ou o establecemento do mesmo da súa sede social.

**ESCOLA DE EMPRENDEDORES:** Permitirá a capacitación daquelas persoas que teñan vocación de emprender pero non saiban cómo ni teñan medios. Incluiría:

- Formación empresarial. De balde, salvo faltas de asistencia que superen o 25%, o que suporía a expulsión e o pago de una taxa compensatoria.
- Asesoramento para a procura de financiamento e a preparación do Plan de Empresa.
- Apoio na fase de lanzamento empresarial inicial.

**PLAN DE RELEVO NOS NEGOCIOS:** Programa que permita a realización de prácticas para aprendices de oficios que poidan incorporarse ó mundo laboral, contribuíndo ó relevo xeracional na xestión dos negocios. Distínguense tres fases: un período de prácticas gratuítas, logo unha fase como bolseiros e adicionalmente o contrato laboral.

## **COMERCIO**

**DINAMIZACIÓN COMERCIAL 2.0:** Creación dunha plataforma enlazada á web municipal como guía comercial actualizada, en colaboración e apoio ás Asociacións de empresarios e comerciantes. Serviría como referente á hora de informar, consultar e difundir o gran abanico comercial que pode ofrecer o noso Concello.

**EVENTOS E/OU FEIRAS TEMÁTICAS:** A maior parte dos concellos teñen festas, eventos temáticos e actividades dinamizadoras que repercuten nun aumento do consumo e un relanzamento do comercio. Por este motivo, cremos que é importante unha colaboración máxima coas Asociacións de Comerciantes e Empresarios, apoiando os eventos que propoñan. É o caso da Feira do Comercio, que podería complementarse con feiras sectoriais e mostras específicas, potenciación das gastronomía e hostalería, etc.

Tamén favorecemos a realización de ciclos ou concertos en cafés de grupos locais, de nova creación, monólogos, etc. para promocionar o talento local ó tempo que se potencia o consumo nos locais que os acollan, que recibirían apoio por parte do Concello.

**ASESORAMIENTO PROFESIONAL** a negocios e tendas: Enfocado a potenciar e xestionar de maneira preventiva a viabilidade económica e financeira dos negocios, prestando un servizo acompañado por unha plataforma on-line, un teléfono dispoñible, e un servizo de asistencia para dar o apoio necesario nas áreas imprescindibles dun pequeno negocio.

**SUBVENCIONES NOMINATIVAS** para axudar ás asociacións de comerciantes e empresarios na súa tarefa.



## **TURISMO**

Ames é un Concello que ten un patrimonio turístico, cultural e patrimonial digno de visitar e coñecer en profundidade. Debemos aproveitar a nosa localización limítrofe con Santiago de Compostela, coñecida mundialmente. Temos centos de turista ás portas e pasando ó carón, e mesmo polo propio Concello, sen que lle ofrezamos e vendamos o que temos.

Propoñemos:

**CONVENIO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA CONXUNTA DA ÁREA DE SANTIAGO:** Esta debe ser unha das primeira medidas no eido turístico, adherirnos a este Convenio que reúne a 16 concellos. O Concello de Ames, sendo o máis próximo á capital galega, non aprobou conveniarse, pasando por alto as propostas feitas desde PxA para aproveitar as vantaxes que isto suporía.

**CAMIÑOS DE SANTIAGO:** Polo noso Concello discorren tanto o Camiño Portugués como o Camiño a Fisterra, que atravesan 5 das nosas parroquias. Pero os peregrinos, ó seu paso polo Milladoiro, non dispoñen de información agás a ofrecida na Capela da Madalena.

Consideramos importante proporcionarlles información do que poden atopar no municipio, para completar a súa experiencia da peregrinación e favorecer o consumo nos nosos establecementos.

**POTENCIACIÓN DO TURISMO TRADICIONAL E FAMILIAR:** Investiremos no mantemento das nosas paraxes destacadas, traballando na súa limpeza, conservación e accesibilidade, mediante a eliminación de barreiras arquitectónicas. Apostamos polo establecemento de puntos informativos que dean valor ás nosas áreas naturais, ubicando en puntos clave para o turismo paneis que recalquen o seu valor e mesmo fagan referencia ás outras paraxes destacadas.

**ESPAZOS PARA AUTOCARAVANAS:** Dentro da promoción do noso Concello, prestarase especial atención a mellorar as áreas destinadas ó turismo de autocaravanas, que aumenta cada ano.

**ACTIVIDADES DE LECER TURÍSTICO:** Queremos aproveitar o noso atractivo turístico tamén con actividades que involucren ós veciños, coas que poidan coñecer en profundidade o que agocha a súa terra. Farémolo organizando actividades de lecer e tempo libre nunha colaboración de asociacións, voluntariado e técnicos do Concello.

**AMES REFERENTE EN COMPRAS:** Podemos presumir de ter un tecido comercial envexable: contamos cun pequeno comercio capaz de atraer novos visitantes, emprendedores e consumidores selectos, que foxen dos grandes centros comerciais, polo que debemos darlle o máximo respaldo.

## 4. ÁREA ECONÓMICA, URBANÍSTICA E DE SERVIZOS XERAIS

Para falar das actuacións en materia económica, urbanística e de servizos temos que falar de novo de transversalidade. Estas cuestións están directamente relacionadas porque non se debe concibir un proxecto económico sen o urbanismo e os servizos. A parte económica está ligada de forma directa cos ingresos polos múltiples conceptos urbanísticos como o ICIO, o IBI ou o IVTM.

De igual xeito, os servizos, en gran medida, dependen da xestión económica.

### ECONÓMICA

**COMPROMISO DE ORZAMENTOS MUNICIPAIS ANUAIS:** Dos últimos catro anos de mandato tan só o primeiro presentáronse os orzamentos. Como medida imprescindible para ter unha boa xestión económica, presentaremos antes do comezo de cada ano os orzamentos xerais.

**REDUCCIÓN DÉBEDA DO CONCELLO:** nun 15% mediante fórmulas que non entorpezan o funcionamento xeral nin provoquen unha mingua nos servizos prestados. Con medidas como:

- Renegociación da débeda bancaria.
- Conxelación salarial dos soldos do equipo de goberno.
- Licitación da xestión de compras centralizadas.
- Licitación dos servizos pendentes (telefonía, ciclo integral da auga, servizo de limpeza, etc.).
- Unificación do pago das taxas e impostos nunha soa entidade.
- Aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por instalacións de caixeiros automáticos nas fachadas dos inmobles con acceso directo dende a vía pública.
- Renegociación da póliza de crédito.
- Licitación do servizo de subministración eléctrica.
- Racionalización do consumo eléctrico.
- Redución dos gastos financeiros.
- Facer rendible a Radio Municipal.

**CICLO DA AUGA:** Urxente licitación deste servizo pola súa situación de precariedade.

PACTO x AMES advertiu en innumerables ocasión das consecuencias de copiar uns pregos dun concello como o de Cáceres e agora estamos pagando as consecuencias tanto económicas como de xestión.

**-XESTIÓNS PARA ACADAR AS CONCESIÓNS ORZAMENTARIAS XUSTAS** por parte das diferentes administracións, e xestión das achegas de xeito que non se perdan por falla de xestión ou deficiencias na súa petición.

## **URBANISMO**

Tódalas iniciativas en materia de urbanismo que afecten a intereses xerais explicaranse nas zonas susceptibles de actuación coa antelación para que os veciños poidan facer as súas achegas.

**REVISIÓN DO PLAN XERAL:** Na actualidade o PXOM está esgotado , no seu momento foi feito cuns condicionantes que agora mudaron completamente.

O **URBANISMO SUSTENTABLE** será un dos nosos primeiros obxectivos. Isto englobaría:

- Revisión Catastral para promover unha rebaixa do IBI.
- Converter Ames nun Concello cun urbanismo sustentable en base ós parámetros medioambientais e de accesibilidade, humanización e espazos deportivos e de lecer.
- Aplicación do plan Sectorial presentado en Xaneiro de 2012.
- Aplicación dun urbanismo que vertebre o noso Concello para “compactalo”.

Levariámolo a cabo a través das subvencións que a Consellería de Fomento ten a disposición dos Concellos que queiran facer un PXOM na porcentaxe dun 75%, e de fondos propios nun 25%.

**POLÍTICAS TRANSVERSAIS:** En coordinación directa cos servizos sociais, de promoción económica e xuventude . Para actuar ante situacións como desafiuzamentos, emerxencia social e emancipación, a través de permutas, convenios cos propietarios de vivendas baleiras, a Fundación e a dotación 1% do orzamento municipal a vivendas en réxime de aluguer e propiedade do concello ata alcanzar a necesidade mínima fixada polos servizos sociais.

**PLAN DE MANTEMENTO DE ESTRADAS E CAMIÑOS** nos mais de 1.200 kms de pistas.

**PLAN DE INVERSIÓNS** a 4 anos a través do Plan de infraestruturas municipais, Plan de obras e servizos da Deputación e Plan de obras da Xunta de Galicia.

**SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA:** Licitación deste servizo para dar cobertura a tódalas zonas urbanas pendentes.

**ACCESIBILIDADE:** É de gran importancia tamén a eliminación das barreiras arquitectónicas para dotar de maior accesibilidade ós espazos, comezando polos edificios públicos. Mellora tamén na propia rúa coa eliminación dos sobresaltos das beirarrúas con respecto os pasos de peóns, a instalación de sinais acústicas nos semáforos, a revisión das tarxetas de aparcamento de persoas discapacitadas, unha mellor sinalización horizontal destas áreas, adaptación dos parques de lecer...

#### **APLICACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS:**

**-Implantación dos procedementos contemplados no SIGEM** (*Sistema Integrado de Gestión de Expedientes Municipales*). Plataforma universal en código aberto utilizada polas Administracións.

-Completar os ciclos de matrícula, renovación, cancelación, rectificación, cambios nas circunstancias familiares e/ou laborais nos distintos **servizos de conciliación**, comedores, actividades, escolas deportivas etc. que se desenvolvan no Concello.

**-Aplicación efectiva das TIC'S e sistemas informáticos** tanto dentro do Concello como cara fóra.

**-Implementación dun sistema de avisos a través dunha APP** para que as persoas poidan realizar avisos centralizados de avarías, incidencias que poidan provocar unha situación de risco, etc.

Levariámolo a cabo a través dun convenio coa Deputación, con fondos propios cunha partida de 150.000€ e coas subvencións provintes fondos europeos.

#### **SOLUCIÓN AO PROBLEMA DE TRÁFICO DO MILLADOIRO.**

Dende hai máis de 20 anos o problema do tráfico do Milladoiro ó seu paso pola rúa Rosalía de Castro segue sen resolverse. Ningunha das Administracións tomou o problema coa suficiente seriedade e interese.

Mentres que en Padrón investíronse na variante máis de 25 millóns de euros, no túnel de Conxo case 8 millóns, ou no da Galuresa 14 millóns, no Milladoiro obtense a calada por resposta cando se

pide unha solución. Deixan a Milladoiro, cunha poboación de 13.000 habitantes, nun segundo plano fronte a un concello como o de Padrón ,que ten 8.800 habitantes.

A competencia desta inversión é do Goberno Central, por iso dende PACTO x AMES faremos chegar tódalas propostas viables para conseguir que se tome en serio dunha vez por todas o problema de tráfico que hai no Milladoiro. As nosas propostas a elevar ó Ministerio son:

- Estudo de viabilidade para facer o túnel baixo a rúa Rosalía de Castro. Para PACTO x AMES é a mellor opción porque permitiría eliminar o tráfico desta zona e acabar coa división social e física.
- Levantamento da peaxe da AP-9 como medida provisional mentres non chega a solución definitiva.

## **SERVIZOS XERAIS E PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

**REFORMA ADMINISTRATIVA:** Apostamos por unha reforma administrativa que adapte a relación de postos de traballo á situación actual do Concello, remate coa precarización e inestabilidade laboral, e garanta os principios básicos de igualdade, publicidade, mérito e capacidade na promoción na carreira administrativa.

Cómo? Mediante a negociación cos interlocutores sociais do Concello para levar adiante propostas consensuadas coa maioría dos representantes.

**FUNDACIÓN:** Iniciativa que levará a cabo o novo goberno de PxA encamiñada á protección das persoas máis desfavorecidas.

Dende o Concello impulsaríase esta Fundación, cuxo padroado estaría formado por empresas, institucións e persoas físicas que desexen colaborar coas persoas nesta situación. Do mesmo xeito, se promoverá a colaboración cos Concellos limítrofes que mostren interese neste proxecto.

A fundación estará rexida por un regulamento que será aprobado polo Pleno e consensuado polos patróns fundacionais.

**REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN MUNICIPAL (ROM):** Foi proposto por PACTO x AMES no pasado mandato pero o goberno non mostrou interese en levalo a Pleno.

Será a vía axeitada e máis rápida para que os veciños de Ames poidan chegar ó Pleno as súas intervencións e propostas a través das Iniciativas Municipais Populares.

Estará estruturado en tres partes:

- 1- Regulación dos órganos administrativos (plenos e comisións).
- 2- Regulación do debate sobre o estado do Concello.
- 3- Regulación da participación cidadá (participación no pleno e Iniciativas Municipais Populares).



## **HORARIO DE ATENCIÓN, ORGANIZACIÓN MUNICIPAL E CONCILIACIÓN**

Sendo coñecedores de que a actividade privada vai por camiños distintos que a actividade pública, e sabendo que os horarios son difíciles de conciliar, dende Pacto x Ames **PROPOÑEMOS AMPLIAR A ATENCIÓN VECIÑAL Ó HORARIO DE MAÑÁ E TARDE.**

Pensamos que é imprescindible facilitar o diálogo coas persoas, asociacións e entidades que teñan dificultades no horario administrativo, polo que é básico facer un esforzo dende o Concello para apostar pola conciliación familiar e laboral dos cidadáns.

Así mesmo, consideramos moi importante axilizar a resposta ós escritos presentados por rexistro, ou calquera outra canle regulamentada (correo electrónico, páxina web...), para que **OS VECIÑOS TEÑAN CONTESTACIÓN NUN PRAZO DE 15 DÍAS HÁBILES.**

Ademais, para facilitar a atención cidadá no Milladoiro, **PACTO X AMES TERÁ UN CONCELLEIRO PERMANENTE NAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO MILLADOIRO** que canalizará toda a información de forma bidireccional.

O Concello está en Bertamiráns e o rural disporá dunha concellería específica.

## 5. AREA MEDIOAMBIENTAL E DE OBRAS

### MEDIO AMBIENTE

Ó falar de Medio Ambiente, temos que volver a falar de transversalidade. Non poden concibirse obras, actuacións urbanísticas, limpeza, abastecemento ou educación sen pensar no medio ambiente. Dende PxA ambicionamos un goberno transversal que destacaría:

**OBRAS NO RURAL, SANEAMENTO E ABASTECIMENTO:** Compromiso de adicar o 100% das achegas do POS (Plan de Obras e Servizos) a este fin.

**LICITACIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA** para que o Concello, a través do canon, poida realizar obras de infraestrutura no Concello.

**EDAR DE SISALDE.** Reclamar que se cumpra o compromiso da Xunta de Galicia e se realice o investimento de seis millóns de euros prometido no ano 2012.

**ACTUACIÓNS CONXUNTAS NO RÍO SAR** co Concello de Santiago

**MANTEMENTO DAS ZONAS FLUVIAIS:** Dotaremos o orzamento municipal cunha partida de 250.000 euros para isto, xunto cos plans e subvencións que proveñan doutras administracións.

**FOMENTO DA EDUCACIÓN AMBIENTAL** e concienciación da cidadanía no respecto ós animais e tenencia responsable dos mesmos, etc. Neste senso colaboraremos coas asociacións de protección animal para elaborar de proxectos educativos.

**POLÍTICA ANIMAL:** Ames é un territorio cunha especial sensibilidade cos animais de compañía, de feito hai varias asociacións sen fin de lucro preocupadas pola falla de sensibilidade que na actualidade existe dende o Concello en torno ó tema. Propoñemos:

- Un estudo de viabilidade para **dotar a Ames dun albergue animal de ámbito municipal** coxestionado coas asociacións e protectoras. O Concello facilitará unha finca axeitada para que as asociacións poidan desenvolver o seu traballo.
- Campañas de esterilización dos animais: facilitar convenios con clínicas veterinarias e asociacións protectoras e voluntariado.
- Implantación dun modelo de xestión para o control das colonias felinas.
- Establecer **espazos públicos que permitan o espaxamento dos animais** nos núcleos urbanos.

**AFORRO ENERXÉTICO:** A eficiencia enerxética, a integración co Medio Ambiente, as políticas sustentables e a vida san son propostas que potenciaremos dende PACTO x AMES:

- **Banco do tempo municipal**, como complemento ó programa de voluntariado.
- Feiras do troco/intercambio.
- **Promoción da horticultura urbana** en fincas sen uso e centros escolares, proporcionando ferramentas e coñecementos precisos. Fomento das actividades na Aula da Natureza da Ameixenda.
- Programa de **ampliación dos espazos verdes**, e completar o proceso de concentración parcelaria.
- Programa de **ampliación do transporte público**: posibilidade de implantar liñas internas dentro do noso Concello encadrado no transporte metropolitano (ver apartado de mobilidade).
- Estudo de creación do **Banco de terras**, tratando de poñer en contacto ós donos das fincas abandonadas con veciños interesados en traballalas para o autoconsumo. Así garantiríase o mantemento e limpeza das mesmas, á par que se promovería a colaboración entre os veciños.
- Campañas informativas para o aforro enerxético no consumo de produtos e servizos.
- Plan para a redución do lixo e a prol da compostaxe.
- Revisión e **actualización da iluminación viaria**.
- **Reforzo na reciclaxe**, no punto limpo, e creación de zonas delimitadas para escombreas controladas no rural.

## **OBRAS E MANTEMENTO**

**SERVIZO RÁPIDO DE AVISOS:** Sobre incidencias para a súa reparación. Implantación dunha APP para este tipo de avisos.

**ALUMEADO PÚBLICO:** Substitución de luminarias dos núcleos urbanos. Como mínimo potenciaríase o aforro enerxético nunha porcentaxe estudada entre o 50 e o 70%.

**GRUPOS ESPECÍFICOS DE TRABALLO:** Destinaremos varias persoas da brigada de obras ó mantemento dos centros educativos e das instalacións deportivas.

**CEMITERIO MUNICIPAL:** O cemiterio municipal encóntrase nun estado semi-ruinoso despois de investir máis de 1.800.000 euros na súa construción. A necesidade de poñelo urxentemente en funcionamento leva implícito facer unha auditoría técnica para saber o verdadeiro estado da instalación. Unha vez coñecida a situación, PACTO x AMES acometerá a licitación deste servizo de forma aberta á participación de tódalas empresas que desexen participar, non descartando unha xestión directa, no caso de que sexa factible.

## 6. AREA DE SEGURIDADE E MOBILIDADE

### SEGURIDADE

A seguridade no Concello de Ames baséase na Policía Municipal. Ata o de agora non está formada a agrupación de Protección Civil nin existe un parque de bombeiros, obrigatorio para concellos de máis de 20.000 habitantes.

Unha das ferramentas coas que conta o Concello é a Xunta Local de Seguridade, que serve para analizar, debater e programar actuacións en función da casuística coa que se enfrente o Concello.

Dende PxA consideramos imprescindible a **convocatoria da Xunta Local de Seguridade polo menos 2 veces ó ano** para valorar as necesidades e poñer en marcha medidas correctoras.

O Concello ten que pór en marcha unhas mínimas medidas que axuden a paliar as graves carencias de seguridade e, dada a situación de abandono actual, resulta imprescindible a axuda doutras administracións como a Deputación, a Xunta de Galicia ou a Unión Europea.

A proposta programática de PACTO x AMES consiste en afrontar estas cuestións do seguinte xeito:

- **Crear Protección Civil do Concello de Ames.**
- Instar ás demais Administracións públicas a **chegar a un acordo na implantación do parque de bombeiros comarcal** que dea servizo a Ames e ós demais concellos da redonda, contando con Brión como parte implicada directamente por contar cun servizo de extinción de incendios.
- Esixir ó Ministerio do Interior unha **maior dotación de efectivos para o cuartel da Garda Civil.**
- Tendo en conta que **Ames pode cumprir os condicionantes para ter un destacamento de Policía Nacional**, faremos as xestións necesarias ante a Xunta de Galicia e ante o Ministerio do Interior co fin de valorar esta posibilidade.

## MOBILIDADE

En canto á mobilidade, desde PACTO x AMES facemos unha **gran aposta polo transporte metropolitano**, e propoñeremos diversas actuacións. Contemplamos a posibilidade de **implantar liñas internas dentro do noso Concello** (encadradas no transporte metropolitano), destinadas á comunicación efectiva entre as parroquias e o Milladoiro e Bertamiráns.

Do mesmo xeito, se non fose posible achegar posturas dentro da entidade que xestiona o transporte metropolitano, da que Ames forma parte, faremos un estudio de viabilidade para ver si é factible a implantación do transporte urbano.